



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ACTA Nº 2018/6

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

- LUNS 17 DE DECEMBRO DE 2018-

No día de hoxe, ás 20:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extaordinaria do Pleno.

PRESIDE:
José Luis García López

ASISTEN:
(De Alternativa por Arzúa)
María del Carme Torreiro González
Alfonso Carril Guerra
Aurora Varela Duro
Miguel Angel Vallo Camba
Andrés David Pérez Ferreira
María del Pilar Castro Vallo

(De Partido Popular)
Jesús García Rodríguez
Alfonso Lodeiro Regueiro
Evangelina María Orois Conde
Vanessa Quintela Pedreira

(De PSdeG-PSOE)
Begoña Balado Conde

(De CxG-CCTT)
José Ignacio García Couso

SECRETARIO:
Juan Félix Colmenares López-Soldado

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2018.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á dita acta.

E non formulándose observacións á mesma, considérase aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL RPT DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2018 (previa a súa declaración de urxencia)

Indica o Sr. alcalde que o primeiro que se votara e a proposta de incluír este punto na orde do día, e a motivación e que na Comisión Informativa para Asuntos do Pleno non se falou deste tema cando se tratou o punto da aprobación definitiva da RPT, e como non se debatiu en dita comisión incluíse o punto para votar agora a súa urxencia.

Polo que o Sr.alcalde someteuse a votación ordinaria a declaración de urxencia deste punto;

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA) e seis abstencións (1 PSdeG-PSOE, 1 de CxG-CCTT e 4 do PP) o acordo de considerar xustificada a urxencia de incluír este punto na Orde do día da presente sesión.

Despois da votación da urxencia o Sr. alcalde manifesta que considera que este asunto debería deixarse sobre a mesa, xa que hai a posibilidade de celebración dun Pleno ordinario o día 28 de decembro, e tamen hai posibilidade de emitir un ditame sobre o asunto.

Deseguido realízanse as seguintes intervencións:

- Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar:
 - Que non entende o procedemento que se está a seguir, e que lle sorprende que se vote a urxencia dun punto e logo se propoña que se deixe sobre a mesa.
 - Que no tema de deixar o asunto sobre a mesa vaise abster, porque cre que nestes puntos hai unha serie e incoherencias como é a aprobación da caducidade no Pleno anterior a cal non a viu para

nada motivada, nin siquiera houbo un informe xurídico que a xustificara; e hai recursos que non estan resoltos contra esta aprobación, e deberían estar resoltos, e aprobar outra cousa antes de resolver a caducidade desa modificación da RPT que estaba aprobada o día 7 de maio deste ano.

- Que lle produce sorpresa, e espera que se trate na Comisión Informativa este tema, que non se levou á comisión anterior e porén forma parte da convocatoria deste Pleno, porque no debate da Comisión Informativa no punto que trataba da aprobación definitiva da RPT, houbo un enfrontamento como consta na acta que temos todos. Houbo unhas expresións de desconsideración e de mala educación por parte da voceira do grupo de goberno que quere que se lean cando corresponda.
- Da Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) para indicar:
 - Que tamén se vai abster, entre outros motivos porque non entende porque se deixa sobre a mesa para o vindeiro Pleno.
 - Que pensa que este tema é moi repetitivo o tema das alegacións, e espera que se resolva no vindeiro Pleno.
- Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que tamén se van abster, esperando que se dean explicacións de todo o que está pasando, reservándose para o vindeiro Pleno.

*Do Sr. alcalde para indicar:

- Que a Lei di que se un punto esta na orde do día, hai que votar a urxencia, aínda que despois se propoña deixalo sobre a mesa.
- Que a proposta de deixarlo sobre a mesa vai ser nos tres puntos, e no Pleno ordinario do 28 de decembro levarase todo o expediente da RPT en orde lóxico.
- Do Sr. García Couso (de CxG) para manifestar, que este Pleno non é ordinario, e xa se sabía que se ía facer outro Pleno, porque así esta establecido que se realice cada dous meses, e pensa que iso non é motivo para deixar este asunto sobre a mesa.
- Do alcalde para manifestar, que o día antes de facer as convocatorias das comisións puido chegar a un acordo co Concello de Boimorto, para que a secretaria dese concello poidera vir a facer o Pleno do 28 de decembro, xa que houbo certa precipitación no plantexamento dos expedientes.
- Do secretario para indicar
 - a) Que según se dispón no artigo 92 nº 1 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, calqueira concelleiro pode solicitar: tanto a retirada de algún expediente incluído na Orde do día, para que se incorporen ao mesmo documento e informes, como que o expediente quede sobre a mesa aplazándose a súa discusión para a seguinte sesión; e, si eso o pode pedir calquera concelleiro, cabe entender que tamén o poderá pedir o alcalde.

- b) Que, según dito artigo, a petición deberá ser sometida a votación, de maneira que si votase a favor da petición unha maioría simple dos membros da Corporación asistentes non habría lugar á votación deste punto da Orde do día.

Tras todo o exposto o alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de deixar sobre a mesa este asunto ata o vindeiro Pleno ordinario que se celebrará o día 28 de decembro.

Adoptándose -por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos seis concelleiros restantes (4 do PP, 1 de PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de deixar este asunto sobre a mesa, pendente de resolver, ata a próxima sesión plenaria.

Punto 3º) APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACION DE POSTOS DE TRABAJO, CUXA APROBACIÓN INICIAL TIVO LUGAR NA SESIÓN PLENARIA DO 31 DE OUTUBRO DE 2018.

Indica o Sr. alcalde, que neste caso si que hai ditame da Comisión informativa, pero o que se pretende e deixar enriba da mesa este asunto e levalo ao vindeiro Pleno, conxuntamente coa resolución das alegacións, e así poder plantexar o expediente de maneira mais ordenada; e dicir, a necesidade de deixar o asunto enriba da mesa responde á necesidade de reorganizar o expediente, xa que hai oportunidade de facelo.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar:

- Que non sabe se procede que se lea o ditame da Comisión informativa, xa que estamos repetindo o debate do punto anterior.
- Que visto o que ocorreu na Comisión Informativa do 12 de decembro non sabe se hai algunha intención oculta, de que non esté o secretario na decisión deste punto, porque na Comisión informativa non se lle permitiu falar.

Contesta o Sr. alcalde que non hai ningunha intención oculta xa que a

secretaria de Boimorto vai vir, única e exclusivamente, a tomar acta do Pleno, indicando a continuación que se pase a ler o ditame da Comisión informativa de data 12 de decembro de 2018, cando se tratou deste asunto, sendo o seu contido o seguinte:

“A presidenta comeza esta sesión cedéndolle a palabra ao voceiro de CxG-CCTT.

Indica o Sr. García Couso (de CxG-CCTT):

- Que a súa posición xa quedou clara cando no Pleno se realizou a aprobación inicial da RPT; o punto titulase “aprobación definitiva da modificación puntual da RPT”, pero entende que non se trata diso, senón do estudo, aprobación ou rexeitamento das alegacións que presentaron principalmente traballadores municipais á aprobación inicial desa RPT, e enténdese que rexeitando esas alegacións dárase por definitiva a aprobación.

-Cre que se agora mesmo, rexeitan ou aproban ese punto, están aprobando ou rexeitando as alegacións, polo tanto cre que esta mal planteado o punto da Orde do día, e non sabe se pensa igual o secretario, polo que vaise abster para o Pleno, esperando que veña mellor plantexado dito punto; o que se trata e de aprobar as relacións de postos de traballo e as alegacións parece que non contan para nada.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que tamén vai a esperar ao Pleno para mirar toda a documentación e no Pleno, como fixo na sesión anterior que se tratou da aprobación inicial, absterase.

Manifesta o Sr. García Rodríguez (do PP) que seguira na mesma liña, esperará ao Pleno, e mirará a documentación porque parece que é o mesmo que da outra vez.

O secretario pidelle a palabra a Sra. Varela Duro.

Indicándolle esta que non pode intervir porque todo vaise aclarar no Pleno.

Manifesta o secretario que se non pode informar é mellor que xa prescindan del, e que ten razón o concelleiro de CxG de que antes de aprobar definitivamente a RPT hai que resolver as alegacións, e aínda antes habería que resolver o recurso de reposición contra a caducidade.

Indica a Sra. Varela Duro, que o tema da caducidade xa foi falado e explicado e no Pleno, aclaráranse as cousas e calquera dúbida que haxa contestárase no seu momento, e se e preciso que o secretario interveña, intervirá no Pleno; se o secretario emitiu un informe supón que estara no

poder dos concelleiros e poderán miralo.

Indica o Secretario que o normal é que interveña agora na sesión da Comisión informativa.

Pide entón o Sr. García Couso que conste en acta que o secretario non pode intervir.

Manifesta a Sra. Varela Duro que conste na acta que de momento ela non se negou rotundamente a que falara o secretario, esta dando a explicación pola cal cre que non ten porque intervir neste momento.

Indicandolle tamén ao Sr. García Couso, que se pode rir cando queira, porque o único que fai e interromper e entorpecer a marcha dun tema e, como esta moi informado sempre, neste momento quen manda e ella, e ella di que neste momento non é preciso que o secretario fale, porque el emitiu un informe que explicara e o goberno tamén dará a súa explicación, e se non tedes a información será responsabilidade vosa, porque xa tiñades que ter toda a documentación.

E que se así queda contento o Sr. García Couso que conste na acta que non deixei falar o secretario, se así con eso ten un orgasmo.

O Sr. García Couso manifesta:

-Que pide que conste en acta a expresion "orgasmo", e que conste tamén "que quen manda nesta comisión é ela".

- Que el non vén aquí a rirse, que é moi responsable e só utiliza a palabra cando lle dan o turno e é mais educado e con expresións mais normais, e non utiliza expresións maleducadas propias de quen as di.

Manifesta a Sra. Varela Duro, que na Comisión Informativa manda e dirixe ela, que lle quede claro ao Sr. García Couso

Tras o exposto a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, someteu a votación ordinaria a aprobación definitiva da modificación puntual da vixente Realción de Postos de Traballo, cuxa aprobación inicial tivo lugar na sesión plenaria do día 31 de outubro de 2018.

Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP e 1 de CxG-CCTT e 1 de PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno a aprobación definitiva da citada modificación da Relación de Postos de Traballo."

A continuación realizáronse as seguintes intervencións:

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que se vai abster como no punto anterior.

Pregunta o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) ¿Se o alcalde comparte e autoriza ou desautoriza as expresións utilizadas na Comisión informativa, por parte de voceira do seu grupo, a cal nunca fala nos Plenos?

Contesta o alcalde, que a concelleira si ten falado nos Plenos, sobre todo cando se tratou de temas relacionados coa súa concellería, e que non comparte expresións ou discusións nas que el participa tamén, e aínda que non as comparte ten visto cousas ben peores en lexislaturas anteriores.

Tras todo o exposto o alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de deixar sobre a mesa este asunto ata o vindeiro Pleno ordinario que se celebrará o día 28 de decembro.

Adoptandose -por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos seis concelleiros restantes (4 do PP, 1 de PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de deixar este asunto sobre a mesa, pendente de resolver, ata a próxima sesión plenaria.

Punto 4º) APROBACIÓN INICIAL DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE RZÚA

Polo secretario douse lectura do ditame que emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 12 de decembro de 2018; no seguinte sentido:

“Explica a Presidenta da Comisión que a modificación da plantilla de persoal que se presenta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, responde á necesidade de adaptar a mesma a modificación puntual da RPT. A plantilla de persoal, unha vez que se aprobe dita modificación, quedará configurada do seguinte xeito:

PLANTILLA DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE ARZÚA.

- **FUNCIONARIOS**

| Denominación da praza | Grupo | Escala | Subescala | Dot. prazas | Situación | Observacións |
|------------------------------|--------------|-----------------------|------------------|--------------------|------------------|---------------------|
| Secretario/a | A1 | Habilitación Nacional | Secretaría | 1 | Cuberta | |

| | | | | | | |
|---------------------------------------|----|-------------------------|------------------------|---|-----------------------|------|
| Interventor/a | A1 | Habilitación Nacional | Intervención-Tesorería | 1 | Cuberta | |
| Tesoureiro/a | A1 | Habilitación Nacional | Intervención-Tesorería | 1 | Vacante | |
| Técnico/a Administración Xeral | A1 | Administración Xeral | Técnica | 1 | Vacante | |
| Técnico/a Xestión | A2 | Administración Xeral | Xestión | 1 | Cuberta | |
| Auxiliar Administrativo/a | C2 | Administración Xeral | Auxiliar | 1 | Vacante | |
| Auxiliar administrativo/a | C2 | Administración Xeral | Auxiliar | 1 | Vacante | P.I. |
| Oficial Policía | C1 | Administración Especial | Servizos especiais | 1 | Vacante | P.I. |
| Axente Policía Local | C1 | Administración Especial | Servizos especiais | 3 | 2 Vacantes, 1 cuberta | |
| Conserxe conductor e axente recadador | AP | Administración Especial | Servizos especiais | 1 | Cuberta | |

• PERSOAL LABORAL FIXO

| Denominación da praza | Dot. de prazas | Situación | Observacións |
|-------------------------------------|----------------|--------------------------|--------------|
| Auxiliar administrativo | 5 | 2 Vacantes 3 cubertas | |
| Auxiliar conserxe Casa da cultura | 1 | Cuberta | |
| Profesor/a Conservatorio | 8 | Vacantes | |
| Administrativo | 1 | Vacante | P.I. |
| Bibliotecario | 1 | Cuberta | |
| Animador sociocultural | 1 | Vacante | |
| Traballador/a Social | 2 | Vacantes | |
| Axente de Emprego Local | 1 | Vacante | |
| Animador deportivo | 1 | Cuberta | |
| Coidador de instalacións deportivas | 1 | Vacante | |
| Encargado instalacións deportivas | 1 | Cuberta | |
| Informático | 1 | Vacante | |
| Arquitecto técnico | 1 | Cuberta | |
| Técnico comunicación e turismo | 1 | Vacante | |

| | | | |
|---|---|-------------------------|--|
| Director emisora de radio | 1 | Cuberta | |
| Auxiliar radio local | 1 | Cuberta | |
| Encargado servizos mantemento | 1 | Cuberta | |
| Conserxe colexio e operario de servizos | 1 | Cuberta | |
| Operario tractorista | 2 | 1 cuberta 1 vacante | |
| Condutor Operario | 3 | Cubertas | |
| Oficial de 1ª | 2 | Vacantes | |
| Operario servizos varios | 6 | 1 cuberta 5 vacantes | |

• PERSONAL LABORAL TEMPORAL

| Denominación da praza | Dot. de prazas |
|--|----------------|
| Traballador/a social | 2 |
| Auxiliar de Servizos Sociais e encargada da OMIX | 1 |
| Encargada CIM | 1 |
| Psicóloga CIM | 1 |
| Asesora xurídica CIM | 1 |
| Encargada da OMIC | 1 |
| Axente de desenvolvemento local | 1 |
| Profesor Ensinanza Básica para adultos | 1 |
| Profesor-Director do Conservatorio Profesional | 1 |

• PERSOAL EVENTUAL

| Denominación da praza | Dot. prazas | Grupo | Situación |
|-----------------------|-------------|-------|-----------|
| Secretario/a alcaldía | 1 | C1 | Cuberta |

RESUMO:

| | Dot. de prazas |
|--------------------------|----------------|
| Funcionarios | 12 |
| Persoal laboral fixo | 43 |
| Persoal laboral temporal | 10 |
| Persoal eventual | 1 |

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) preguntando si se trata dunha reforma ou dunha nova plantilla como é o caso das que se presentan sempre co orzamento.

Contesta a Presidenta que se trata dunha reforma.

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do PSOE) para manifestar que non dispón da documentación e que se vai abster ata pronunciarse no pleno.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) para manifestar igualmente que non dispón da documentación e que se vai abster ata pronunciarse no pleno.

Tras o exposto a Presidenta someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose por 4 votos a favor (de AxA) e catro abstencións (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE) e 1 abstención (de CxG) o acordo de informar favorablemente o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2018."

O Sr. alcalde propón deixar sobre a mesa o asunto incluído neste punto da Orde do día.

Deseguido realizáronse as seguinte intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que non se pode aprobar unha plantilla sen aprobar uns orzamentos que así o contemplan.
- Que os motivos de que quede sobre a mesa será consecuencia do primeiro; polo que se vai abster.

* Da Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) para expresar que tamén vaise abster.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o seu grupo político tamén se abstén.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que xa o aclarará a interventora no próximo Pleno, xa que se pode aprobar antes sen que se aproben os orzamentos, porque para iso existen as modificacións de crédito.

- Que este ano estaba contemplado que, se se aprobara a modificación da RPT de maio, había partidas para poder aprobar esa modificación da plantilla.

- Polo tanto déixase sobre a mesa este asunto para o Pleno seguinte.

Tras todo o exposto o alcalde someteu a votación ordinaria a proposta de deixar sobre a mesa este asunto ata o vindeiro Pleno ordinario que se celebrará o día 28 de decembro.

Adoptandose -por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos seis concelleiros restantes (4 do PP, 1 de PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de deixar este asunto sobre a mesa, pendente de resolver, ata a próxima sesión plenaria.

Punto 5º) PRONUNCIARSE SOBRE A INCLUSIÓN DE OBRAS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2019.

Polo secretario douse lectura do ditame que emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 12 de decembro de 2018; no seguinte sentido:

“Fai uso da palabra a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (de AxA) para expoñer que, como é responsabilidade da oposición ter a documentación dos asuntos que ían a ser tratados nesta sesión, supón que tamén terán a relación de obras que van a incluír no Plan Provincial POS 2019.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para manifestar que agora non ten esa relación de obras, despois desta sesión si poderá tela; e, como de momento descoñece todo o referente ao Plan, deixará o seu pronunciamento para a sesión do Pleno.*

** Da Sra. Balado Conde (do PS de G- PSOE) para manifestar que tampouco ten a relación de todas as obras que se pretenden incluír no citado Plan, pero considera que as que se propoñan serán necesarias para o noso Concello; polo que se pronunciará na sesión do Pleno, cando coñeza con mais detalle tales obras.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular tamén se pronunciará na sesión do Pleno, cando vexamos con mais detenimento a documentación.*

Tras o exposto, a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela

Duro, someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA), coa abstención dos restantes catro concelleiros (2 do PP, 1 de CxG-CCTT e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a inclusión das obras que figuran nos seguintes proxectos técnicos:

** Para o Plan Provincial:*

1) "Pavimentación vial núcleo de Pastoriza Vella (Lema) e outros", elaborado polo enxeñeiro de camiños don Pablo Blanco Ferreiro, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 68.679,29 euros (56.759,74 euros, mais 11.919,55 euros en concepto de IVE ao 21%).

2) "Pavimentación acceso da Feira do Gando a Nave Bombeiros (Arzúa) e outros", elaborado polo enxeñeiro de camiños don Pablo Blanco Ferreiro, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 84.723,38 euros (70.019,32 euros, mais 14.704,06 euros en concepto de IVE ao 21%).

3) "Reparación e mantemento da "Casa do Peregrino, lugar de Río Vello", elaborado polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 75.002,85 euros (61.985,83 euros, mais 13.017,02 euros en concepto de IVE ao 21%).

** Para o Plan Complementario:*

1) "Camiño Painza-Casaldoeiro e outros", elaborado polo enxeñeiro de camiños don Pablo Blanco Ferreiro, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 84.649,03 euros (69.957,88 euros, mais 14.691,15 euros en concepto de IVE ao 21%).

2) "Pavimentación vial núcleo de Rial (Pantiñobre) e outros", elaborado polo enxeñeiro de camiños don Pablo Blanco Ferreiro, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 77.343,99 euros (63.902,65 euros, mais 13.423,34 euros en concepto de IVE ao 21%).

3) "Ampliación de beirarrúa na estrada de Lema", elaborado polo arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 70.580,57 euros (58.331,05 euros, mais 12.249,52 euros en concepto de IVE ao 21%).

4) "Renovación de alumeado público na parroquia de A Mella: Torneiros e outros", elaborado polo enxeñeiro técnico industrial don Pablo Rojo Losada, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 45.551,18 euros (37.645,60 euros, mais 7.905,58 euros en concepto de IVE ao 21%).

5) "Renovación de alumeado público na parroquia de Villadavil: A Cañota e outros", elaborado polo enxeñeiro técnico industrial don Pablo Rojo Losada, con data novembro de 2018, por un orzamento total de 51.294,01 euros (42.391,74 euros, mais 8.902,27 euros en concepto de IVE ao 21%)."

Deseguido realizáronse as seguinte intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que o Plan da Deputación ten unhas partidas a obras que entende que se adique o remanente do ano pasado, e o resto de fondos que veñen ao Concello adícanse a un apartado que se chama gastos correntes.
- Que vólvese a desviar a maioría dos fondos que veñen da Deputación para gastos correntes.
- Que por outro lado, das obras que se propoñen dese remanente da Deputación, hai unhas obras polas cales votará a favor, pero sempre ven coa coletilla “e outros” que descoñece a que obras se refiren entón os proxectos, supón que son todas de necesidade, pero ese “e outros” o descoñece.
- Que tamén gustaríalle saber cal sería o destino da rehabilitación da “casa do peregrino”.

* Da Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) para expresar:

- Que vai votar a favor, sobre todo porque é consciente que os veciños solicitaron algunhas desas obras.
- Que tamén e gracias á Deputación, gobernada polo PSOE e o BNG, invertiron en Arzúa, no que vai de lexislatura, o triple do que investiu o Partido Popular.
- Que se non fora polos Plans da Deputación, Arzúa non tería ningún investimento porque por parte da Xunta non se está tendo.
- Que tamén lle gustaría saber ao que se vai adicar o antigo Conservatorio de música.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que votarán a favor porque todas as obras son necesarias. Isto non quere dicir que non queden outras pendentes, pero non se poden facer todas xuntas.
- Que a Deputación da Coruña ten as partidas para aqueles concellos que dispoñan de 5.000 metros cuadrados para facer canceiras, para xestionar o tema dos cans abandonados, e non sabe se o Concello está ao tanto deste tema e se o alcalde pode aclarar este tema. A Deputación encargárase de todos os gastos, e o Concello poñería o terreo.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que respecto ao tema de que se dedique o orzamento da Deputación a gastos correntes, non hai un só concello en toda a provincia que non dedique parte para gastos correntes; aparte de que esa parte dedicada a gasto corrente libera o orzamento do concello.
- Que respecto a palabra “outros” vai todo especificado no proxecto,

especificado por exemplo: pavimentación lugar Pastoriza a Vella, camiño Tronceda a Nova a Bustelo, acceso a Bascuas – Fontalvite (Rendal).

- Que en canto ao destino ao antigo albergue de peregrinos, está disposto a oír suxestións. En principio falouse de dedicalo a algunhas asociacións que están pedindo sitios para reunirse; ou, como está ao lado do parque industrial, facer un viveiro de empresas.

Está aberto a distintas suxestións.

- Que en canto ao dos cans, ese servizo tería que ser mancomunado entre distintos Concellos, penso que Melide, Arzúa e O Pino, porque somos os que máis problemas temos, sobre todo en época de verán cos peregrinos que nos traen os cans doutros sitios, e na época de caza.

Tense falado deste tema entre os tres Concellos. Hai outros como Boimorto e Santiso que poderían entrar, e aínda que a súa problemática e menor, tamén existe.

Ata o de agora non se chegou a nada pola dispoñibilidade dos terreos, séguese insistindo co resto dos alcalde. Non serve de nada construír a canceira se despois temos que manter os cans. Para un só concello sería problemático, sería mellor contratar un servizo a unha empresa que o leve, que é o que se está barallando para o ano.

Coñecido o contido da documentación que debe remitirse á Deputación Provincial; Polo Sr. alcalde decidiuse someter este asunto a votación ordinaria; fixando os termos desa votación, de conformidade co texto que figura no modelo enviado pola Deputación Provincial, xunto coa Circular sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan único de concellos “POS+2019”.

Adoptándose – por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local - os seguintes acordos:

“1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

| | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|--|--------------------|--------------------|--------------|
| <i>Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores</i> | 0 | 0 | 0 |

| | | | |
|---|----------|----------|----------|
| Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 0 | 0 | 0 |
| Subtotal pago a provedores | 0 | 0 | 0 |

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|--|-------------------|
| Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 394,333,41 |
| Subtotal gasto corrente | 394,333,41 |

C) Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2019 Denominación da obra ou subministración | Financiamento do investimento | | |
|--|--------------------------------------|-----------------|------------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos achega provincial 2019 | 0 | 0 | 0 |

| ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles) | Financiamento do investimento | | |
|--|--------------------------------------|-----------------|------------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Pavimentación vial núcleo de Pastoriza Vella (Lema) e outros | 68679,29 | 0 | 68679,29 |
| Pavimentación acceso da Feira do Gando e Nave Bombeiros (Arzúa) e outros | 84723,38 | 0 | 84723,38 |
| Reparación e mantemento da Casa do Peregrino, lugar de Rio Vello | 75002,85 | 0 | 75002,85 |
| Subtotal investimentos achega provincial 2018 | 228405,52 | 0 | 228405,52 |

| PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019 | Financiamento do investimento |
|---------------------------------|--------------------------------------|
|---------------------------------|--------------------------------------|

| <i>Denominación da obra ou subministración</i> | <i>Préstamo Deputación</i> | <i>Achega Concello</i> | <i>Orzamento total</i> |
|--|----------------------------|------------------------|------------------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| Subtotal investimentos préstamo provincial 2019 | 0 | 0 | 0 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

| <i>Entidade financeira</i> | <i>Número/código do préstamo</i> | <i>Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda</i> |
|--|----------------------------------|--|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| Subtotal redución de débeda con entidades financeiras | | 0 |

E) Resumo:

| <i>SUBTOTALS</i> | | <i>Deputación</i> | <i>Concello</i> | <i>Total</i> |
|-----------------------------|----------------------|-------------------|-----------------|--------------|
| A- PAGO A PROVEDORES | <i>Achega 2018</i> | 0 | | 0 |
| | <i>Achega 2019</i> | 0 | | 0 |
| B- GASTOS CORRENTES | <i>Achega 2019</i> | 394333,41 | | 394333,41 |
| C- INVESTIMENTOS | <i>Achega 2019</i> | 0 | 0 | 0 |
| | <i>Achega 2018</i> | 228405,52 | | 228405,52 |
| | <i>Préstamo 2019</i> | 0 | | 0 |
| D- REDUCCIÓN DÉBEDA | <i>Préstamo 2019</i> | 0 | | 0 |

| | | | | |
|--------------|----------------------|-----------|--|-----------|
| TOTAL | <i>Achega 2019</i> | 394333,41 | | 394333,41 |
| | <i>Achega 2018</i> | 228405,52 | | 228405,52 |
| | <i>Préstamo 2019</i> | 0 | | 0 |
| | TOTAL | 622738,93 | | 622738,93 |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado) | Orzamento |
|---|------------------|
| <i>Camiño Painza-Casaldoeiro e outros</i> | 84649,03 |
| <i>Pavimentación vial núcleo de Rial (Pantiñobre) e outros</i> | 77343,99 |
| <i>Amplicación de beirarrúa na estrada de Lema rúa Rego da Raña</i> | 70580,57 |
| <i>Renovación de alumeado público na parroquia de A Mella: Torreiros e outros</i> | 45551,18 |
| <i>Renovación de alumeado público na parroquia de Viladavil: A Cañota e outros</i> | 51294,01 |
| TOTAIS | 329418,78 |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas

actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 21:20 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.